

O CASTELO AMBULANTE

Hayao Miyazaki, 2004

1331

ESTREA EN NUMAX: 12.07.2024 | V.O.S.E. / V.E. | 119 min

Narra a historia de Sophie, unha moza sobre a que pesa un terrible malfado que lle confire o aspecto dunha anciá. Sophie decide pedir axuda ao mago Howl, que vive nun castelo ambulante, pero talvez sexa Howl quen precise a axuda de Sophie.

«Deslumbrante, máxica e xenial
viaxe animada»

Antonio C. Martínez, CINEMANÍA



Entrevista con Hayao Miyazaki: «A xente pensa que digo verdades profundas cando o que me gusta é a sinxeleza»

Por Xin Jin Bao

Todo o mundo sabe que vostede xa anunciou moitas veces a súa retirada como director. Mesmo para *O castelo ambulante* inicialmente decidiu traballar só como produtor executivo. Que o fixo cambiar de opinión? Aínda que pensei moitas veces en deixar o mundo da animación, cada vez que vexo un traballo que realmente me gusta teño a necesidade de expresalo coas miñas propias ideas. Cando llo entrego aos demais, sempre penso en como se debe facerse isto e aquilo. E finalmente sinto que será mellor se me fago cargo do traballo eu mesmo. Para resaltar o espírito orixinal da obra, só podo volver a ela.

Todos os seus traballos anteriores teñen a voz de dobradores profesionais. Por que se lle ocorreu a idea de utilizar un actor famoso como Takuya Kimura? Isto foi suxerido polo produtor Toshio Shizuki. Dixo que Howl é o personaxe máis guapo de todas as nosas obras animadas. Por tanto, un home guapo que poida representar a Xapón é o máis adecuado para ser o actor de dobraxe. El pensaba que eu era un vello estraño recluído nas montañas e que nunca vira televisión. Por tanto, nunca debería ter oído falar de Kimura. Pero cando lle dixen que sabía quen era Kimura, quedou en *shock*.

En todas as súas obras podemos sentir un intenso sentido humanista. N'*O castelo ambulante* hai un forte sentimento pacifista. Non tentei deliberadamente transmitir ideoloxías ou mensaxes educativos á audiencia. Se realmente existen nas miñas obras, só se revelan de forma natural. Moita xente pensa que estou a dicir unha verdade moi profunda. En realidade o que me gusta é a sinxeleza. A razón pola que fixemos *O castelo ambulante* é que hai moitos temas dramáticos no mundo, como guerras e crises económicas. Esperamos que, a través da película, a xente poida manter a coraxe e ver a esperanza. O mundo futuro segue sendo agradable e fermoso. A nosa dignidade pasa por sobrevivir e exploralo.

Que opina das obras animadas de Disney e Dreamworks? Persoalmente gústanme moito os traballos antigos de Disney. Aínda que xeralmente chamamos a todas as películas animadas norteamericanas "animación estadounidense", en realidade teñen moitas diferenzas substanciais nas súas formas de presentación. Dreamworks é definitivamente "antitradicional". En comparación con Disney, presta maior atención á ilustración dos personaxes e as tramas. Hai un amplo uso da elegante animación 3D, que lle dá un rico alento moderno. Se consideramos as películas animadas de Disney como danzas de ballet clásico, as producións de Dreamworks están máis preto da música pop moderna.

E que opina da animación noutros países de Asia? Gústanme moito as animacións de China continental e Taiwan. Por exemplo, *Unha historia chinesa de pantasmas* (Chiu Sin, 1997) expresa plenamente o fino sentido estético da tradición chinesa. Gústanme as obras que teñen alento nacional como esta. Unha pena que sexan moi poucos. Ademais, os traballadores do cinema en Corea son os que teñen o maior sentido de profesionalismo. A súa maneira coidadosa e sincera merece o noso respecto. Mesmo seguen o que está escrito no libro de texto só por colocar un anaco de folla caída. Teñen a súa propia comprensión única da animación, que é individual e profunda. Creo que se os animadores de China, Xapón e Corea revelan unha pequena parte da súa arte tradicional, o mundo enteiro ficaría impactado. As tradicionais son as máis encantadoras de todas.